



Concello de Lugo

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: DESBROCE 2016

Asunto: ACTA APERTURA OFERTA ECONÓMICA

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2016.- (EXPTE. REF. 5-2016). APERTURA OFERTA ECONÓMICA

Sendo as 13:40 horas do día 09 de maio de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

- dona Ana Isabel Saez Mancebo, Letrada-asesora da Asesoría Xurídica, actuando como suplente do titular da Asesoría Xurídica.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello.
- don Alberto Cardama Cid, Enxeñeiro municipal.
- don Manuel Louzao Aldariz, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento, actuando como Secretario.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte do Secretario da mesa a informar que tras concederlle un prazo de tres días hábiles ás mercantis - DEFORGAL XXI, S.L., OBRAS CIVILES A MONTAÑA, S.L. e SERVICIOS AGRÍCOLAS MOURE, S.L.- para subsanar a documentación administrativa tal e como se acordara na Mesa de Contratación de data 21 de abril, as tres mercantis presentaron a documentación requirida en tempo e forma e tras ser examinadas polos membros da Mesa acordan:

1- Excluir da licitación de referencia á mercantil OBRAS CIVILES A MONTAÑA, S.L, por entender que non acredita a solvencia técnica. Os integrantes da mesa consideran que non é posible acreditar a solvencia por medios externos á propia empresa cando a entidade ou autónomos que prestan a súa solvencia xa non existen no tráfico xurídico e mercantil, como sucede neste caso con DESBROCES MÉNDEZ E HIJOS S.C e JOSÉ FERNÁNDEZ GÓMEZ.

2.- Excluir da licitación de referencia á mercantil SERVICIOS AGRÍCOLAS MOURE, S.L, por entender que non acredita a solvencia técnica polos medios indicados na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas particulares. A empresa aporta notificacións das resolucións de adxudicacións de diversos servizos prestados e facturas –nalgúns casos sen rexistrar e sen conformidade do órgano de contratación- de tales servizos. Para entender acreditada a solvencia o prego establece claramente que será preciso certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, de xeito que se permita acreditar o seu cumprimento.





3.- Admitir na licitación de referencia á mercantil DEFORGAL XXI, S.L, por entender que acredita a solvencia económica e financeira polos medios indicados na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas particulares.

A continuación procedese á apertura dos sobre B (oferta económica) das mercantis admitidas á licitación co seguinte resultado:

- SOGADER, S.L:

Prezo por quilómetro: 129,00 euros.

IVE (21%): 27,09 euros

TOTAL: 156,09 euros, IVE incluído.

- DEFORGAL XXI, S.L.

Prezo por quilómetro: 113,49 euros.

IVE (21%): 23,83 euros

TOTAL: 137,32 euros, IVE incluído.

- T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L.

Prezo por quilómetro: 120,00 euros.

IVE (21%): 25,20 euros

TOTAL: 145,20 euros, IVE incluído.

- AGROFORESTAL GRADO, S.L.U.:

Prezo por quilómetro: 115 euros.

IVE (21%): 24,15 euros

TOTAL: 139,15 euros, IVE incluído.

- COPCISA, S.A.:

Prezo por quilómetro: 115,75 euros.

IVE (21%): 24,31 euros

TOTAL: 140,06 euros, IVE incluído..


A vista do cal os membros da mesa acordan seleccionar como oferta economicamente máis ventaxosa a presentada pola mercantil **DEFORGAL XXI, S.L** que propón como prezo por quilómetro **113,49 euros** mais o 21% de IVE (23,83 euros) o que fai un importe total de **137,32 euros** IVE incluído unha vez que se comprobe a existencia ou non de ofertas que se poidesen considerar anormais ou desproporcionadas.

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente os certificados de non ter débedas de carácter tributario ca Axencia Tributaria e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, **documentación xustificativa que permita acreditar a disposición efectiva dos medios materiais que se comprometeu a adscribir** para a execución do contrato,

para esto deberá xuntar a correspondentes fichas técnicas dos tractores que permitan comprobar as características técnicas esixidas e fotografías recentes dos ditos vehículos para comprobar o estado de conservación; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE que se eleva a cantidade de 3.972,15 €

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 13:50 horas do día anteriormente sinalado.

O PRESIDENTE



Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz